
DA HISTORIA ACADÉMICA «CAMIÑO ANDADO»

**FRANCISCO FERNÁNDEZ
DEL RIEGO**


... Ano tras ano víñase conmemorando en todo o territorio do Estado, cada 23 de abril, a data do pasamento de Cervantes coa denominación de Día do Libro. Ideárase para exaltar en festividade, o libro escrito no idioma castelán. Parecíame que tendo Galicia unha literatura e unha lingua de seu, sería conveniente que contase cunha festa simbólica semellante, unha festa cultural consagrada especialmente á rememoranza exaltatoria e difusora das letras na nosa fala. Andei a procurar unha data que, como no caso do castelán, tivese acento significativo na historia literaria de Galicia.

Metidos nesa procura batín co 17 de maio, día no que Rosalía lle dedicou a Fernán Caballero (pseudónimo da escritora Cecilia Böhl de Faber) a súa obra *Cantares Gallegos*. Quizais fora tamén esta data o da saída da edición. Pareceume que era a tal referencia cronolóxica axeitada para a finalidade prevista. Foi así como me decidín a propor a data devandita para celebrala anualmente coa denominación de Día das Letras Galegas. Coincidiu o ano 1963 co centenario da publicación do libro rosaliano.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO 2023



**FRANCISCO
FERNÁNDEZ
DEL RIEGO**
[1913-2010]



Francisco Fernández del Riego naceu na localidade lucense de Vilanova de Lourenzá, o 7 de xaneiro de 1913. Era o primoxénito dos once fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada. Puxéronlle os nomes de Francisco Jesús Benito Antonio.

Os estudos primarios e os primeiros cursos de bacharelato fíxoos en Lourenzá e rematou o bacharelato como interno no colexio da Nosa Señora da Antiga, de Monforte de Lemos (Lugo).

Aos dezasete anos marchou cos seus pais e irmáns a Madrid e matriculouse na facultade de Dereito.

Cando voltou a Galicia rematou os estudos de Dereito e, despois da Guerra Civil, deu clases en dous colexios de Vigo, Labor e Mezquita, e traballou no bufete do seu amigo Valentín Paz Andrade.



Francisco e a súa muller, Evelina Hervella, paseando pola cidade de Vigo.

Traballou arreo polo idioma e a cultura galega: foi membro do Seminario de Estudos Galegos, escribiu en moitos xornais e revistas, fundou a Editorial Galaxia, presidiu a Fundación Penzol, traballou na BBC, emisora inglesa, facendo programas en galego, foi membro e presidente durante catro anos da Real Academia Galega, recibiu as Medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.



Francisco Fernández del Riego na Real Academia Galega.

Propuxo, con Xesús Ferro e Manuel Gómez, a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan a nosa cultura.

Escribiu moitos libros: Danzas populares galegas, Historia da literatura galega, Galicia no espello, O Camiño de Santiago, A pesca galega de mar a mar...

Este ano 2023 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas.